

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN E DIDÁCTICA  
Cursos de adultos

**'Unha aproximación á historia da arquitectura contemporánea'**

**Ana Pereira Molares**

19 outubro 2011 - 2 maio 2012

Dentro do contexto de divulgación da arte contemporánea levados a cabo polo MARCO, este curso céntrase na análise específica da arte de construír, a través dun programa que abrangue os principais movementos e figuras da historia da arquitectura dos séculos XIX, XX e XXI.

Ademais de levar a cabo unha aproximación ao coñecemento dos diferentes modelos, estilos e personalidades que conforman a realidade arquitectónica, outro contido fundamental do curso son os cambios experimentados pola sociedade nos aspectos demográficos, técnicos, ideolóxicos, etc., e a súa repercusión nos modos construtivos. Deste modo compréndese como a arquitectura, máis que ningunha outra actividade artística, está unida de modo indisoluble aos cambios e o devir do mundo do seu tempo.

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Datas: do 19 de outubro de 2011 ao 2 de maio de 2012

Lugar: salón de actos

Horario: mércores, de 19.30 a 21.00

Docente: Ana Pereira Molares

Nº sesións: 23 (descontados festivos e outros eventos)

NOTA: durante a tempada 2011-12, por coincidir con festivos e outros eventos, non haberá curso os seguintes mércores:

8 e 28 de decembro, 4 de xaneiro, 15 de febreiro, 28 de marzo, 4 de abril

Así mesmo, o programa-calendario das sesións pode ofrecer variacións en canto a contidos de cada sesión e ao seu desenvolvemento temporal.

Prazas limitadas

Inscripción e matrícula a partir do 13 de setembro

Prezo de matrícula:

180€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes da Universidade de Vigo, previa acreditación), coa posibilidade de pago fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

## PROGRAMA-CALENDARIO

## CURSO

## 'Unha aproximación á historia da arquitectura contemporánea'

- Sesión 1** (mércores 19 outubro)  
Arquitectura e urbanismo no século XIX. Utopías urbanas. As transformacións da cidade burguesa
- Sesións 2 e 3** (mércores 26 outubro e 2 novembro)  
Dos historicismos medievais á Escola de Chicago
- Sesión 4** (mércores 9 novembro)  
A arquitectura no cambio de século: o Modernismo
- Sesións 5 e 6** (mércores 16 e 23 novembro)  
Arquitectura e urbanismo na 1ª metade do século XX. O comezo da modernidade: 1900-1920
- Sesión 7** (mércores 30 novembro)  
O estilo Internacional e as súas distintas interpretacións: 1920-1945
- Sesión 8** (mércores 14 decembro)  
Os profetas da arquitectura moderna en Europa: Mies van der Rohe, Le Corbusier
- Sesión 9** (mércores 21 decembro)  
América e a modernidade. Frank Lloyd Wright
- Sesión 10** (mércores 11 xaneiro)  
Arquitectura e urbanismo na 2ª metade do século XX. Diferentes tendencias
- Sesión 11** (mércores 18 xaneiro)  
1970-1990: da posmodernidade á neovanguardia
- Sesión 12** (mércores 25 xaneiro)  
A tendencia deconstrutivista: Frank Gehry, Daniel Libeskind, Zaha Hadid
- Sesión 13** (mércores 1 febreiro)  
Oscar Niemeyer como punto de partida dos grandes estudos de arquitectura da 2ª metade do século XX
- Sesión 14** (mércores 8 febreiro)  
Richard Rogers e Norman Foster: a arquitectura como alarde tecnolóxico
- Sesión 15** (mércores 22 febreiro)  
Alvaro Siza e a Escola do Porto
- Sesión 16** (mércores 29 febreiro)  
A achega española: Rafael Moneo e Santiago Calatrava. A contención e o barroco
- Sesión 17** (mércores 7 marzo)  
A presenza francesa: Dominique Perrault e Jean Nouvel
- Sesión 18** (mércores 14 marzo)  
A irrupción da escola xaponesa: Tadao Ando
- Sesión 19** (mércores 21 marzo)  
A precisión suíza: Peter Zumthor, Herzog & de Meuron
- Sesión 20** (mércores 11 abril)  
A arquitectura a comezos do século XXI: entre a experimentación e a volta á orde

As vinte sesións impartidas por Ana Pereira completaranse con outras tres, a cargo de relatores externos: arquitectos/as galegos/as que falarán a partir da súa propia experiencia profesional en distintos ámbitos da arquitectura.

NOTA: as tres sesións de relatores externos poderán estar intercaladas no programa-calendario de sesións teóricas, e por iso variar nas súas datas, do que se avisará coa suficiente antelación.

**Sesión 21** (mércores 18 abril)

*A práctica da arquitectura*

Relator/a: un/ha arquitecto/a galego/a, por confirmar

**Sesión 22** (mércores 25 abril)

*A práctica da arquitectura*

Relator/a: un/ha arquitecto/a galego/a, por confirmar

**Sesión 23** (mércores 2 maio)

*A práctica da arquitectura*

Relator/a: un/ha arquitecto/a galego/a, por confirmar